O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 141 da Lei 30/1992, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación de expropiación forzosa, lexislación fiscal e demais normas aplicables, ponderándose no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo do disposto, respecto dos intereses de demora, pola Lei Xeral Orzamentaria. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para lograla reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.







O parágrafo 5 do artigo 142 da Lei 30/1992, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico, ás persoas o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

**Cuarto.-**

En referencia agora ó presente caso, **a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, e **segundo informe emitido ao respecto polo sepultureiro municipal, a reclamante é propietaria da sepultura nº 60 que resultou danada**, polo que ten lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento.

**A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Riveira, como titular do cemiterio municipal da parroquia de Riveira.** A este respecto cómpre sinalar que o servizo de cemiterios é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Independentemente do *quantum* que, chegado o caso, proceda recoñecer, **resulta demostrado o dano que motiva a reclamación** tal e como ser desprende da factura de reparación dos danos que a reclamante achega coa súa reclamación.

Sentado o anterior, e entrando no exame do fondo do asunto, **cómpre verificar a existencia, ou non, de relación de causalidade entre o funcionamento do servizo e os danos producidos**, é dicir, a verificación da existencia do dano e que este foi consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- O sepultureiro municipal tivo constancia do feitos polos que se reclama, podendo comprobar a veracidade dos mesmos, como así dispón en informe emitido na data 09/01/2017 dispón: *“Que o pasado día 28 de outubro de 2014, produciuse unha rotura dunha lápida de mármore e dunha fotografía gravada nunha base de cerámica, no panteón número 60 do Cemiterio de Riveira. Esta sepultura, que se atopa na zona de protestantes do cemiterio municipal, é propiedade de dona Flora Rivas Lago con DNI nº 76500574K. A referida rotura foi causada porque se estaban facendo obras en toda a zona de protestantes, creo que pola empresa Río Sieira. Estaban cavando ao lado e, ao querer nivelar a sepultura, xa que a parte de diante estaba case fundida, caeuse a parte que estaba de pé na sepultura (unha cruz ou capilla) e rompeu soamente esa peza que tiña a fotografía. Non se apreciaron mais danos nas restantes pezas do panteón.”*
- Manuel Queiruga Tomé, contratista que executou as obras no cemiterio municipal de Riveira, en informe emitido na data 08/02/2017 (Rex. Entrada nº 2.170), que reitera en escrito presentado na data 09/01/2018





(Rex Entrada nº 257) dispón: *“Que los desperfectos en la lápida no fueron producidos por las obras que estaban realizando, sino que al querer nivelar la lápida, la cruz que estaba de pie al estar en mal estado la masa que le sirve de base se cayó, ocasionándole el desperfecto.”*

Da análise das probas practicadas, **conclúese que resulta acreditada a relación de causalidade entre o dano sufrido no panteón propiedade de dona Flora Rivas Lago e o funcionamento do servizo público municipal**, ao demostrarse que se estaban realizando obras de arranxo e acondicionamento na zona do cemiterio na que se ubica a sepultura danada, e que como consecuencia da execución das mencionadas obras ocasionouse un dano na citada sepultura.

Non resulta acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior, nin a negligencia da reclamante ou a intervención de terceiros.

Como consecuencia debe estimarse a reclamación presentada.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 27/04/2018, e visto o informe de fiscalización previa limitada (gastos) emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 30/04/2018, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona Flora Rivas Lago, na contía de 784,08 euros.

O abono da referida contía farase da seguinte forma: o Concello de Riveira abonará 150 euros, que é a contía da franquicia existente na póliza subscrita coa entidade Mapfre Seguros de Empresas, mentres que a entidade aseguradora aboará a contía restante, isto é 634,08 euros.

## XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

## XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

**ACEPTACIÓN DE CONCESIÓNS ESTABLECIDAS POLA TESORERÍA GENERAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL PARA A ENAXENACIÓN DE INMOBLE (CATRO FINCAS REXISTRAIS – 26694, 26692, 26006 E 26693 –) PROPIEDAD DA TGSS, SITAS NA RÚA DA FEIRA (RIVEIRA).**

Visto o escrito remitido polo **Xefe de Negociado de Servizos Xerais e Patrimonio – Dirección Provincial de la TGSS en A Coruña**, Carlos Valle Aguado, de data 18/04/2018, relativo ao asunto: Enaxenación solares en Riveira//Condicións de pago fraccionado, e no que consta anexado escrito da Tesorería General de la





Seguridad Social – Subdirección General de Gestión del Patrimonio y Contratación, de data 13/04/2018 (Rexistro de saída 599160 nº 20 18599 1600000900), con nº de ref. Unidad de Enajenaciones. APA, no que solicita comunicación de conformidade coas condicións de venda e pago fraccionado especificadas no citado escrito de inmovible (Catro fincas rexistras – 26694, 26692, 26006 e 26693 –) propiedade da TGSS, sitas na Rúa da Feira (Riveira), para poder continuar expediente de enaxenación.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**1.- Aceptar as condicións** de venda e pago fraccionado especificadas no citado escrito de inmovible (Catro fincas rexistras – 26694, 26692, 26006 e 26693 –) propiedade da Tesorería General de la Seguridad Social, sitas na Rúa da Feira, con proximidade á Praza da Constitución (Riveira) e que a continuación se relacionan:

*“El precio de venta del inmueble, como ya conoce esa Corporación Municipal, asciende a 493.132 € (CUATROCIENTOS NOVENTA Y TRES MIL CIENTO TREINTA Y DOS EUROS).*

*Dicho precio se abonará en tres pagos, según el siguiente detalle:*

*Año 2018: 123.283,00 €*

*Año 2019: 184.924,50 €*

*Año 2020: 184.924,50 €*

*Respecto del pago a realizar en 2018, es preciso señalar que el 25% del precio de venta (123.283,00 €), que de acuerdo con la normativa vigente ha de depositarse por el interesado en la tramitación del procedimiento, se aplicará en su totalidad a dicho primer pago.*

*Los siguientes pagos aplazados -2019 y 2020- se efectuarán tomando como referencia la fecha de la firma de la Resolución del Director General de la Tesorería General de la Seguridad Social autorizando la venta.*

*Las cantidades aplazadas devengarán el interés legal del dinero vigente en el momento del pago y quedarán garantizadas mediante condición resolutoria explícita.*

*La totalidad de los gastos que se originen con motivo de la transmisión serán de cuenta del comprador y los impuestos se abonarán según ley.*

*La Tesorería General de la Seguridad Social se reserva el derecho a repercutir a la parte compradora el Impuesto sobre Bienes Inmuebles (IBI) correspondiente al ejercicio en que se produce la transmisión de la propiedad, en proporción al tiempo en que cada una de las partes haya ostentado la titularidad dominical del mismo.”*

**2.- Dar traslado deste acordo** á Tesorería General de la Seguridad Social para continuar expediente de enaxenación.

**3.- Dar traslado deste acordo** aos Servizos Económicos Municipais.





## ACORDO EN RELACIÓN Á CONTRATACIÓN LABORAL DE TRES TÉCNICOS/AS DE TURISMO PARA A ATENCIÓN DAS OFICINAS MUNICIPAIS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA NOS MESES DO VERÁN DO ANO 2018.

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Deputación Provincial da Coruña, mediante Resolución do 13/04/2018 (Rex. Entrada 17/04/2018 número 5.667), aproba o aboamento do anticipo da subvención correspondente a programa de subvencións dirixido aos concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o ano 2018, ao Concello de Riveira. O que supón a posibilidade da contratación de dous traballadores para a atención das oficinas municipais de turismo por un período de 5 meses.

**Segundo.-** Por outra banda, a directora da Axencia de Turismo de Galicia mediante Resolución do 16/04/2018 resolve a concesión da subvención ao Concello de Riveira ao abeiro da Resolución do 2 de xaneiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia para a contratación de persoal para os oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para ao ano 2018, publicada no DOG número 22 do 31 de xaneiro de 2018. O que supón a posibilidade da contratación de 1 traballador para a atención das oficinas municipais de turismo por un período de 3 meses.

**Terceiro.-** Por Providencia da Alcaldía do 25/04/2018 dispónse que se proceda á iniciación e tramitación do procedemento administrativo correspondente para a CONTRATACIÓN LABORAL DE TRES TÉCNICOS/AS DE TURISMO para a atención das oficinas municipais de información turística sitas en Xarás, San Roque e na Avenida do Malecón, durante os meses do verán do ano 2018, coa emisión dos informes xurídico e económico correspondentes, que deberán pronunciarse sobre a posibilidade de realizar a contratación solicitada, a modalidade da contratación utilizada e a existencia de crédito adecuado e suficiente.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Constitución Española.
- Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2105, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017.
- Real Decreto Legislativo 2/2015 do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180224412
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 09/05/2018	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/05/2018	Fecha: 09/05/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/05/2018 11:53:27		Hora: 11:53





- Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**PRIMEIRO.-** A selección do persoal funcionario e laboral debe realizarse mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os establecidos a continuación: a) publicidade das convocatorias e das súas bases; b) transparencia; c) imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección; d) independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección; e) adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións e tarefas a desenvolver; f) axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección (artigo 55.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no sucesivo TREBEP, e artigo 49 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).

En canto aos sistemas selectivos, o artigo 61.6 e 7 do TREBEP dispón: “6. Os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición que deberán incluír, en todo caso, unha ou varias probas para determinar a capacidade dos aspirantes e establecer a orde de prelación. Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso que consistirá unicamente na valoración de méritos. 7. Os sistemas selectivos de persoal laboral fixo serán os de oposición, concurso-oposición, coas características establecidas no apartado anterior, ou concurso de valoración de méritos. As Administracións Públicas poderán negociar as formas de colaboración que no marco dos convenios colectivos fixen á actuación das organizacións sindicais no desenvolvemento dos procesos selectivos.” No mesmo sentido se expresa o artigo 57 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Non se regula o procedemento de acceso do persoal laboral temporal. Aínda así, a selección deste persoal debe realizarse respectando os principios básicos recollidos nos artigos 55.2 do TREBEP e 49 da Lei 2/2015, xa que estes preceptos, á hora de regular os principios que deben respectarse na selección do persoal, non diferenzan entre persoal fixo ou temporal. Iso si, en aplicación do principio recollido no apartado 2 f) do artigo 55 do TREBEP (“axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección”), o procedemento de selección pode simplificarse, sempre e cando se respecten os principios básicos de publicidade e obxectividade.

**SEGUNDO.-** No caso que nos ocupa, é necesario proceder á contratación de tres (3) técnicos/as de turismo para a atención das oficinas municipais de información turística sitas en Xarás, San Roque e na Avenida do Malecón, durante os meses do verán do ano 2018, polo que, ao tratarse de persoal laboral, como sistemas selectivos poden empregarse calquera dos anteriormente referidos (oposición, concurso-oposición ou, con carácter excepcional, concurso de valoración de méritos), e, no caso de que a súa contratación sexa temporal, o procedemento de selección pode simplificarse, por exemplo, reducindo o prazo dos aspirantes para presentalas súas instancias, do alcalde para ditar resolución dos admitidos e



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180224412
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 09/05/2018		Fecha: 09/05/2018
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/05/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/05/2018 11:53:27		Hora: 11:53





excluídos, etc., pero sempre respectando os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

**TERCEIRO.-** Neste ano 2018, para a incorporación de novo persoal no sector público compre acudir ao artigo 19 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017, que se entende prorrogada de conformidade cos artigos 134.4 da CE e 38 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, cuxos apartados un, dous, cinco e seis teñen carácter básico.

No referido precepto dispónse que a incorporación de novo persoal no sector público estará suxeita aos límites e requisitos establecidos nos apartados seguintes do citado artigo, coa excepción da incorporación de persoal que poida derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores ou dos procesos de selección e reclutamento para a cobertura das plantillas de militares de Tropa e Mariñeiría profesional fixadas na disposición adicional décima cuarta.

As limitación á incorporación de novo persoal resultan da aplicación da taxa de reposición de efectivos, que se fixará, agás nos sectores e administracións do apartado Un. 2 do artigo 19, ata un máximo do 50% (apartado Un. 3.).

Para calcular a taxa de reposición de efectivos, a porcentaxe de taxa máxima fixada aplicarase sobre a diferenza resultante entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario anterior deixaron de prestar servizos en cada un dos respectivos sectores, ámbitos, corpos ou categorías, e o número de empregados fixos que se tiveran incorporado nos mesmos, no referido exercicio, por calquera causa, agás os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado desde situacións que non impliquen a reserva de postos de traballo (apartado Un.4).

As prazas resultantes deberán incluírse nunha Oferta de Emprego Público que, de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 70 do TREBEP, deberá ser aprobada polos respectivos órganos de Goberno das Administracións Públicas e publicarse no Boletín Oficial da Provincia, da Comunidade Autónoma ou, no seu caso, do Estado, antes da finalización de cada ano (apartado Cinco).

**CUARTO.-** No presente caso, trátase da contratación de persoal laboral temporal, para o que é preciso ter en conta o disposto no artigo 19.Dous da Lei 3/2017 que dispón o seguinte: *“Non se poderá proceder á contratación do persoal temporal, así como ao nomeamento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.”*

A este respecto, consta no expediente providencia da alcaldía na que, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 21.1 letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, xustifica a urxencia e necesidade de realizar a referida contratación: *“O Concello de Riveira foi declarado “Municipio Turístico Galego”. Esta importante declaración serve para potenciar o turismo no noso municipio, polo que constitúe unha considerable axuda para o desenvolvemento do sector turístico municipal. Pero isto, á súa vez, implica que o Concello debe seguir comportándose de forma activa no desenvolvemento do sector turístico, realizando toda clase de actividades que o fomenten, entre elas a*





*prestación da debida información dos recursos turísticos municipais e de toda a comarca, co fin de atraer visitantes ao noso Concello e prestar un axeitado servizo a aqueles que veñan a visitarnos. Así, o Concello de Riveira conta con tres oficinas de información turística, unha situada no lugar de Xarás, outra en San Roque e outra ubicada na Avenida do Malecón. As referidas oficinas permanecen pechadas ao longo do ano, agás nos períodos de Semana Santa e do verán, nos que se procede á contratación temporal de persoal para a súa atención ao ser os períodos anuais nos que o Concello rexistra unha maior afluencia de visitantes. Isto significa que, aínda que estas contratacións se realicen todos os anos, pode entenderse que teñen un carácter excepcional, xa que a súa duración é limitada no tempo, é dicir, teñen unha temporalidade determinada. Ademais, non existe outro persoal no Concello que poida realizar este tipo de tarefas.*

*Con estas contratacións preténdese cubrir a necesidade, senón urxente, polo menos si inaprazable, xa que a contratación debe realizarse para uns períodos de tempo determinados (Semana Santa e verán), de xeito que unha vez que estes rematen, a contratación xa non tería razón de ser. Así mesmo, pode entenderse que, si ben o servizo de atención das oficinas municipais de turismo non é un servizo público esencial nin de carácter básico ou obrigatorio a prestar polo Concello, si pode considerarse como un sector prioritario pola importancia que ten o sector turístico no noso Concello. Por último cómpre precisar que por Resolución do 13/04/2018 (Rex. Entrada 17/04/2018 nº 5.667), a Deputación Provincial aprobou o aboamento do anticipo da subvención correspondente a programa de subvencións dirixido aos concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o ano 2018, o que permitiría a contratación de 2 traballadores/as por un período de 5 meses. E que por Resolución do 16/04/2018 (Rex. Entrada 18/04/2018 nº 5.783), a directora da Axencia Turismo de Galicia aprobou a concesión dunha subvención para a contratación de 1 traballador/a por un período de 3 meses para as oficinas de turismo ao abeiro da Resolución do 2 de xaneiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia para a contratación de persoal para as oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.”*

Entendese así, que se cumpre co disposto no artigo 19. Dous da citada da Lei estatal, xa que o límite citados polo artigo (“necesidades urxentes e inaprazables”) resulta un concepto xurídico indeterminado, cuxo significado debe determinarse caso por caso pola Administración competente para a súa aplicación, sen prexuízo dun eventual control xudicial a posteriori da mesma.

**QUINTO.-** En canto á modalidade contractual que pode utilizarse neste caso, cómpre realizar as seguintes apreciacións.

O mercado laboral temporal sostense sobre non demasiadas modalidades contractuais, que nos gusten ou non, son as que existen baixo pena de incorrer na creación dun novo “laboral indefinido-non fixo”, que se basea na teoría creada polo TS a finais dos anos noventa, doutrina que pode considerarse consolidada e amplamente aceptada tanto no ámbito da xurisprudencia como no ámbito da





doutrina científica, en cuxa conformidade a irregular celebración de contratos temporais pola Administración Pública sáldase coa conversión da relación laboral temporal nunha relación de carácter indefinido, que pervivirá ata a cobertura do posto polos trámites regulamentarios. A doutrina comezou a alumearse a partir da Sentenza do TS de 07/10/1996, que foi reiterada en posteriores pronunciamentos do TS, consagrándose definitivamente a partir da Sentenza do 20/01/1998.

Á ausencia de modalidades contractuais, hai que engadir que a Disposición Adicional 15ª ET traslada ao ámbito da contratación laboral coa Administración Pública a regra contida no artigo 15.5 ET, determinante da transformación automática e inevitable da relación temporal previa nunha relación por tempo indefinido no singular suposto de que un mesmo traballador tivera sido contratado baixo dous ou mais contratos sucesivos, con ou sen solución de continuidade entre eles, das modalidades de obra ou servizo determinado ou eventuais, durante un período superior a 24 meses nun período de referencia de 30 meses.

Con este panorama, débese acudir correctamente á modalidade de contrato para obra ou servizo determinado, contrato eventual por circunstancias da produción, ou contrato de interinidade (artigo 15.1 a), b) e c)), ós que hai que sumar os contratos formativos do artigo 11 do ET.

Para simplificar a problemática que ocasiona o conciso marco de contratación temporal aplicable ás Administracións Públicas, o artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acuñou dúas novas figuras de funcionario interino que permiten diminuír o uso do contrato temporal e as consecuencias que tal uso pode supoñer para as entidades públicas: o funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal (un símil funcional do contrato de obra ou servizo determinado) e o funcionario interino por exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de 6 meses dentro dun período de 12 meses (equivalente en gran medida ao contrato temporal eventual).

Estas figuras de funcionario interino tamén se atopan reguladas no artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Ámbalas dúas normas expresan as características esenciais da figura do funcionario interino:

- O seu nomeamento obedece sempre a razóns de urxencia e necesidade e;
- O dito nomeamento é para desempeñar funcións propias dos corpos ou escalas dos funcionarios de carreira.

En definitiva, a única receita para non incorrer en fraude de lei á hora de formalizar contratacións laborais temporais é avaliar previamente ás verdadeiras necesidades municipais a cubrir e formalizar a modalidade de contrato que sexa acorde coa causa temporal que o xustifique.

**SIXTO.-** Enténdese que, neste caso, a modalidade contractual que debe empregarse é o contrato de duración determinada por obra ou servizo determinado, regulado no artigo 15.1 a) do Real Decreto Legislativo 2/2015 do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro.







De conformidade coa sentenza do Tribunal Supremo do 19 de marzo de 2002, os requisitos para a validez do contrato de obra ou servizo determinado son os seguintes:

- Que a obra ou servizo que constitúa o seu obxecto, presente autonomía e sustantividade propia dentro o do que é a actividade laboral da empresa.
- Que a súa execución, aínda que limitada no tempo, sexa en principio de duración incerta.
- Que se especifique e identifique no contrato, con precisión e claridade, a obra ou o servizo que constitúe o seu obxecto.
- Que no desenvolvemento da relación laboral, o traballador sexa normalmente ocupado na execución daquela ou no cumprimento deste, e non en tarefas distintas.

No presente caso, enténdese que, o servizo que constitúe o obxecto do contrato, isto é, a atención das oficinas municipais de información turística situadas en Xarás, San Roque e Avenida do Malecón, presenta autonomía e sustantividade dentro da actividade normal desta Administración local, debido a que non se trata dun servizo de prestación obrigatoria permanente para o Concello, senón que a súa prestación é de carácter facultativo, que se realiza soamente no período da Semana Santa e nos meses da tempada do verán pola afluencia do turismo nestas épocas do ano.

A temporalidade do servizo resulta acreditada pola natureza do servizo en si, é dicir, un servizo exclusivo dunhas determinadas épocas do ano, así como polo orzamento municipal vixente que limita a súa contratación ás referidas épocas do ano (Semana Santa e os meses do verán).

No contrato por obra ou servizo determinado deberán terse en conta os seguintes aspectos formais:

- O contrato deberá formalizarse sempre por escrito, debendo especificarse o carácter temporal da contratación e identificar suficientemente, con precisión e claridade, a obra ou o servizo que constitúe o seu obxecto.
- O contrato comunicarse ao INEM ou ao Servizo Público de Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia nos dez días seguintes á súa concertación.
- Poderase celebrar a xornada completa ou a tempo parcial.
- Pode converterse período de proba, cos límites de duración que, no seu caso, se preveñan nos convenios colectivos.
- O contrato debe durar o tempo necesario para a realización da obra ou servizo encargado. Si o contrato fixa unha duración ou un termo, estes deben considerarse de carácter orientativo, por canto o fin do contrato está condicionado ó fin do traballo contratado.
- O contrato extínguese pola realización da obra ou servizo obxecto do contrato, previa denuncia ou comunicación pola empresa, que pode ser verbal ou escrita, sempre que se acredite a súa recepción polo traballador. Se o contrato é dunha duración superior a un ano, a previa denuncia deberá facerse con 15 días de antelación (preaviso). Realizada a obra ou servizo, senón houbera denuncia do contrato e se continuase na prestación laboral, o





contrato considerárase prorrogado tacitamente por tempo indefinido, salvo proba en contrario que acredite a natureza temporal da prestación.

**SÉTIMO.-** Deberá terse en conta o acordo de inaplicación do Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Riveira en materia de duración de xornada laboral semanal para o persoal laboral temporal que se contrate para a prestación dos servizos municipais propios do período estival, asinado entre o Concello de Riveira e o Comité de Empresa na data 25/04/2013, de conformidade co establecido no artigo 41.4 do ET, en relación co artigo 82.3 do mesmo texto legal.

**OITAVO.-** O órgano municipal competente para a aprobación das Bases é a Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto de delegacións de competencias asinado pola Alcaldía na data 01/07/2015.

Por todo isto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 30/04/2018, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Primeiro.-** Aprobar as bases que a continuación se transcriben para a contratación laboral temporal de tres (3) técnicos/as de turismo para a atención das oficinas municipais de información turística durante os meses do verán do ano 2018.

**Segundo.-** Ordenar a publicación das citadas Bases no “Boletín Oficial da Provincia” de conformidade co disposto no artigo 97 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

**Terceiro.-** Dar conta da aprobación das presentes Bases aos representantes sindicais de persoal.

**BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES (3) TÉCNICOS/AS DE TURISMO PARA A ATENCIÓN DAS OFICINAS MUNICIPAIS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA NOS MESES DO VERÁN DO ANO 2018.**

**1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

É obxecto desta convocatoria a creación de BOLSA DE EMPREGO para a contratación laboral temporal, a través do sistema selectivo de OPOSICIÓN, de TRES (3) TÉCNICOS/AS DE TURISMO para a atención das oficinas municipais de información turística nos meses do verán do ano 2018, todo elo de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais disposicións de pertinente aplicación.

O concello de Riveira acóllese aos programas da Axencia de Turismo de Galicia e da Deputación Provincial da Coruña para a contratación do persoal para as oficinas de turismo do Concello. En atención ao programa da Axencia de Turismo de Galicia, contratarase a unha persoa por un período de 3 meses (período comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de setembro). E en atención ao programa da Deputación Provincial da Coruña, contratarase a dúas persoas por un período de 5 meses. Posto que os requisitos en canto á titulación varían





segundo o organismo convocador, crearase unha dobre bolsa de emprego para a realización destas contratacións. As persoas aspirantes poderán acollerse ao programa ou programas nos que reúnan os requisitos mínimos. Esta dobre bolsa, logo do proceso selectivo, terá unha duración máxima de dous anos, sen prexuízo de que se poida precisar unha selección específica de xeito excepcional.

A inclusión na bolsa de emprego non supón en si mesma un dereito á contratación, sendo exclusivamente a súa función a de servir de relación ordenada e baremada das persoas que poidan ser chamadas para cubrir os postos de traballo antes referidos. É dicir, os integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a ser contratados temporalmente, por orde de puntuación

### **2ª.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO.**

O contrato formalizarase baixo a modalidade de contrato de duración determinada, por obra ou servizo determinado, segundo o disposto no artigo 15.1.a do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, ditado en desenvolvemento do Estatuto dos Traballadores, a xornada completa (40 horas semanais), que se prestará en horario que se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizo, en quendas de mañá, ou de tarde, todos os días da semana, cos descansos que regulamentariamente correspondan.

As retribucións básicas, complementarias e extraordinarias que corresponden ao posto de traballo, por tódolos conceptos salariais, son as que figuran no orzamento municipal vixente, coas actualizacións que procedan para as seguintes anualidades. Neste caso concreto son as correspondentes ao Grupo III do Convenio, nivel 16.

As funcións propias do posto de traballo obxecto desta convocatoria son: atención ao público, atención telefónica, dar resposta a información demandada a través de correo ordinario, fax e correo electrónico, preparación de material promocional turístico para distintas feiras e eventos, colaborar no deseño e na elaboración de rutas comarcais, realización de visitas guiadas, archivar documentos e informes, cubrir formularios e elaborar informes estadísticos.

A duración dos contratos será segundo o disposto na Base 1ª: 3 meses para o contrato que se financia segundo o programa da Axencia de Turismo de Galicia, e 5 meses para os dous contratos que se financien segundo o programa da Deputación Provincial.

A extinción do contrato laboral producirase, ademais de pola expiración do prazo pactado para a execución do servizo, polas causas previstas no Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, ou por calquera outra causa de perda de relación de servizo previstas na normativa de aplicación aos empregados públicos.

### **3ª.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.**

Para tomar parte neste proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, segundo o programa ao que se acolla:

#### **A) Programa da Axencia de Turismo de Galicia:**

- Estar en posesión ou en condicións de obter á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, dalgún dos seguintes títulos: técnico superior en Información e Comercialización Turística ou técnico superior en Guía, Información e Asistencia Turística; técnico en Empresas e Actividades Turísticas, ou grao ou diplomado/a en Turismo ou equivalente homologado ou ben contar





coa habilitación de guía de turismo, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión, á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, da credencial que acredite a súa homologación ou convalidación no seu caso, expedida polo organismo competente.

- Figurar como desempleado, ou demandante dunha mellora de emprego, no Servizo Público de Galicia. Este requisito deberá acreditarse mediante un certificado de períodos de inscrición ou de situación administrativa de data actual, e deberá cumprirse tanto no momento da solicitude como no momento da contratación.

B) Programa da Deputación Provincial da Coruña:

